

*RESOLUCIÓN do 18 de maio de 2021 pola que se dá publicidade da relación de persoas beneficiarias e importes das axudas de agroambiente e clima (submedida 10.1) e de agricultura ecolóxica (submedidas 11.1 e 11.2) cofinanciadas ao 75 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se poñen á disposición as resolucións das solicitudes reguladas ao abeiro da Orde do 12 de febreiro de 2020*

FAISE pública na web do Fogga a relación de persoas beneficiarias e importes das axudas de agroambiente e clima (submedida 10.1) e de agricultura ecolóxica (submedidas 11.1 e 11.2) ao abeiro da Orde do 12 de febreiro de 2020.

As persoas interesadas poden acceder á dita web na seguinte ligazón:

[https://fogga.xunta.gal/gl/pac/consultas\\_pac/beneficiario\\_de\\_axudas\\_pac/campana-2020](https://fogga.xunta.gal/gl/pac/consultas_pac/beneficiario_de_axudas_pac/campana-2020)

Poñer á disposición das persoas interesadas as resolucións completas das solicitudes indicadas no punto primeiro mediante a aplicación para teléfonos móbiles «Sga@pp» dispoñible en Google Play ou en App Store, e no «Portal de axudas PAC» a través da seguinte ligazón:

[https://fogga.xunta.gal/gl/pac/consultas\\_pac/portal\\_de\\_axudas\\_pac](https://fogga.xunta.gal/gl/pac/consultas_pac/portal_de_axudas_pac)

Neste portal, cada persoa interesada poderá acceder ao contido da súa resolución individualizada mediante certificado dixital ou DNI-e (DNI electrónico) ou emprego da Chave365

Contra as citadas resolucións, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada, ante o presidente do Fogga, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao desta publicación.